

OBXECTIVO XERAL	OBXECTIVO ESPECÍFICO	CONTIDOS	ACTIVIDADE	MATERIAL
<p>-Potenciar a empatía.</p> <p>-Desenrolar habilidades sociais e interpersonais.</p>	<p>-Coñecer características pessoais dos compañeiros da clase.</p> <p>-Crear novos acercamentos entre os membros do grupo.</p> <p>-Crear un clima de confianza.</p>	<p>-Coñecemento mutuo.</p> <p>-Valoración positiva.</p> <p>-Iniciacións sociais.</p> <p>-Valoración positiva.</p>	<p>-¿Qué sabes de...?:</p> <p>Os nenos sentaranse en círculo. Un a un buscarán entre os compañeiros da clase a alguén que reúna a característica que se pida de forma verbal. Os nenos preguntaranse entre sí para obter información mutua. INSTRUCCIÓNS VERBAIS.</p> <p>Toca, abraza, dalle a man (...), a un neno da clase que...</p> <ul style="list-style-type: none"> -Toque un instrumento musical. -Xogue ao fútbol. -Gústalle traballar co ordenador. -Nacera o mesmo día ca ti. -Fale un idioma que non se estudie na clase. -A súa comida favorita sexa a mesma ca túa.. -Gústalle debuxar e pintar. -Gústalle bailar. -Vexa os mesmos debuxos animados ca ti. -Viva preto da túa casa. -Teña o mesmo número de irmáns ca ti. -Teña un animal doméstico. -Teña algún parente fora de España. -Teña algún amigo fora da súa provincia. -Teña os ollos da mesma cor ca ti. 	<p>----</p>

<p>-Potenciar a empatía. -Desenrolar habilidades sociais e interpersonais.</p>	<p>-Desenrolar o coñecemento mutuo. -Favorecer o inicio de novas relacións sociais.</p>	<p>-Coñecemento dos demais. -Iniciacións sociais.</p>	<p><u>-O mercado:</u> Os nenos colocaranse sentados en círculo. Nun recipiente, introduciranse pequenas fichas de cores con distintas características personais (cualidades, aficións, gustos...). Sacarase unha tarxeta e lerase o que pon. Os alumnos terán que adiviñar quen é.</p>	<p>Tarxetas de cores con características escritas.</p>
<p>-Desenrolar habilidades sociais e interpersonais. -Potenciar a empatía.</p>	<p>-Desenrolar habilidades para expresar os sentimentos, desexos, autoafirmacións. -Expresar emocións compartidas cos demais.</p>	<p>-Valoración positiva dun mesmo. -Coñecemento das emocións propias e alleas</p>	<p><u>-O debuxo da miña vida.</u> Contar, a grandes rasgos , a historia da nosa vida mediante un comic: noso nacemento, lembranzas de cando eramos pequenos, primeiro día de escola, momentos máis ledos da nosa vida, momentos máis difíciles, acontecementos especiais... Cada viñeta recollerá a todas as persoas presentes no acontecemento e transmitir como se atopaba o alumno e cales eran os seus sentimentos. Compartirase o resultado co grupo.</p>	<p>Follas e material escolar.</p>
<p>-Potenciar a empatía. -Desenrolar habilidades sociais e interpersonais.</p>	<p>-Desenrolar o coñecemento mutuo. -Expresar emocións . -Favorecer o inicio de novas relacións.</p>	<p>-Valoración positiva dos demais. -Iniciacións sociais.</p>	<p><u>-Siluetas de loubanzas:</u> Cada neno ten un trozo de papel continuo, algo máis longo que a súa propia altura. Traballando por parellas, trazan as súas siluetas completas con rotuladores. Pueden decorar as siluetas dacordo coa realidade ou fantásticamente. Despois escribirán loubanzas na silueta do compañeiro. Se non dominan a escritura, terán o apoio dun adulto. Exporanse as siluetas á vista de todos.</p>	<p>Papel continuo e rotuladores.</p>

<p>-Potenciar a empatía.</p>	<p>-Expresar emocións compartidas cos demais.</p> <p>-Recoñecer o significado emocional dalgunhas situacións que se atopan outras persoas.</p> <p>-Ser quen de recoñecer o punto de vista dos demais.</p>	<p>-Coñecemento mutuo.</p> <p>-Iniciacións sociais.</p>	<p><u>-Libro dos sentimentos da clase:</u></p> <p>Este libro consiste nunha colección do que os alumnos da clase escribirán ou debuxarán sobre unha emoción. Os nenos escribirán o que sinten cando son felices</p> <p>E logo ilustrar con debuxos. Os que todavía non escriban, debuxaran e logo dictar a súa emoción á mestra para que as escriba.</p> <p>As páxinas gardaranse para facer un “libro”. Como recompensa encuadernaremos o libro dos nenos e exporémolo na clase.</p>	<p>Follas e material escolar.</p>
<p>-Desenrolar habilidades sociais e interpersoais.</p>	<p>-Favorecer o inicio de novas relación.</p> <p>-Mellorar as capacidades de comunicación interpersoal.</p> <p>-Desenrolar habilidades para expresar sentimentos sobre outros..</p>	<p>-Reforzamento a outros.</p>	<p><u>-O amigo invisible.</u></p> <p>Todos os alumnos porán o seu nome nunha tarxeta e a meterán nunha caixa. Cada neno collerá unha tarxeta e Terán que facer un debuxo ao seu amigo invisible, sobre as características que lle gustan del. Despois regalarán o debuxo sin que o amigo invisible o saiba.</p>	<p>Follas e material escolar</p>
<p>-Desenrolar habilidades sociais e interpersonais</p>	<p>-Mellorar as capacidades de comunicación interpersoal.</p> <p>-Desenrolar habilidades para expresar sentimentos sobre outros.</p>	<p>-Iniciacións sociais.</p> <p>-Unión cos outros.</p>	<p><u>O meu grupo de clase</u></p> <p>Todos os nenos faran un debuxo onde estén todos os compañeiros. Acompañarase o debuxo cunha frase representativa do grupo..</p>	<p>Follas e material escolar</p>

-Desenrolar habilidades sociais e interpersoais.	-Favorecer o inicio de novas relacións. -Desenrolar o coñecemento mutuo.	-Coñecemento mutuo. -Iniciacións sociais.	- <u>Coñezote pola voz/ coñezote pola letra...</u> Toda a clase cos ollos pechados, o alumno que toque o mestre dirá: “¿sabes o meu nome?”. Os demais compañeiros teñen que identificarlle pola voz. Realizarase o mesmo xogo pero identificando outros elementos: a letra, o pé, o debuxo, a man, a risa...	-----
-Potenciar a empatía. -Desenrolar habilidades sociais e interpersonais.	-Desenrolar coñecemento mutuo. -Ser quen de recoñecer o punto de vista dos demais. -Favorecer o inicio de novas relacións sociais.	-Coñecemento mutuo. -Iniciacións sociais. -Cooperar e compartir experiencias.	- <u>Libro da casa.</u> O libro de casa é unha libreta na que cada seman, un familiar escribe aquilo que cre convinte dar a coñecer (inquietudes, experiencias, contos, poesías, receitas de cociña,...). Vaise pasando de uns a outros cada seman e lese na asamblea da clase.	Caderno.
-Desarrollar habilidades sociales e interpersonales.	-Desenrolar habilidades para expresar os sentimentos, desexos, autoafirmacións propias.	-Valoración positiva dun mesmo.	- <u>O libro de “Eu son maravilloso”</u> O libro consiste en varias follas dirixidas á autoafirmación da propia persoa: meu cumpleanos, o día mais feliz da miña vida, fun valente cando..., gustoume porque...	Follas e material escolar.

<p>-Desenrolar habilidades sociais e interpersonais.</p>	<p>-Mellorar capacidades de comunicación interpersoal. -Favorecer o inicio de novas relacións sociais.</p>	<p>-Cooperación. -Unirse como grupo. -Iniciacións sociais.</p>	<p><u>-Fila de cumpleaños sen falar</u> O mestre dará estas instrucións: “Sen falar, facede unha fila según o día e mes de vosos cumpleaños. Temos que facer unha fila desde xaneiro ata decembro”. Os participantes teñen que buscar a forma de comunicarse sen palabras e buscar onde empezar e rematar a fila.</p>	<p>-----</p>
<p>-Potenciar a empatía. -Desenrolar habilidades sociais e interpersonais.</p>	<p>-Desenrolar coñecemento mutuo. -Ser quen de recoñecer o punto de vista dos demais. -Favorecer o inicio de novas relacións sociais. -Mellorar capacidades de comunicación interpersoal.</p>	<p>-Coñecemento mutuo. -Iniciacións sociais. -Cooperar e compartir experiencias.</p>	<p><u>-Caixón desastre</u> Es un diario de clase colectivo en el que los niños pueden expresar cualquier tema: día de la mujer, día de la comunidad, Navidad, Carnaval, mi foto preferida, educación sexual, hábitos de estudio, noticias, composiciones escritas...</p>	<p>-----</p>
<p>-Desenrolar habilidades sociais e interpersonais.</p>	<p>-Favorecer o inicio de novas relacións sociais. -Mellorar capacidades de comunicación interpersoal.</p>	<p>-Iniciacións sociais. -Cooperar e compartir experiencias. -Unirse como grupo.</p>	<p><u>-O baúl de clase.</u> O educador explica aos alumnos que terán o baúl da clase. Cada membro depositará un máximo de dúas cousas que considere moi representativas de aspectos positivos da clase: fotos, mascotas, debuxos, poesías, libros, desexos, proxectos... O último día de curso abrírase o baúl ecada alumno explicará por qué elixiu eses obxectos. Nunha cartulina grande anotarán todos aqueles aspectos positivos do grupo os alumnos sinalen.</p>	<p>Caixa. Elementos da clase.</p>

-Desenrolar habilidades sociais e interpersonais.	-Mellorar capacidades de comunicación interpersoal.	-Cooperación. -Unirse como grupo.	- <u>Contar e escoitar a trozos:</u> Os nenos séntanse en círculo. O mestre empeza un conto, pero para nun momento dramático. A próxima persoa ten que seguir, pero tamén parará para que unha terceira persoa continúe.	-----
-Desenrolar habilidades sociais e interpersonais.	-Mellorar capacidades de comunicación interpersoal. -Favorecer o inicio de novas relacións sociais.	-Cooperación. -Unirse como grupo. -Iniciacións sociais. -Pedir axuda.	- <u>Pasar o disco.</u> Fórmase un círculo, con todos axeonllados mirando cara ao interior do mesmo. Póñese na espalda (na cabeza, no ombro...) dunha persoa un obxecto en forma de disco. O obxectivo é pasar o disco de espalda a espalda sen empregar as mans. Se cae volve a poñerse enriba da persoa que o tiña.	Un obxecto en forma de disco.
-Desenrolar habilidades sociais e interpersonais.	-Mellorar capacidades de comunicación interpersoal. -Favorecer o inicio de novas relacións sociais.	-Cooperación. -Unirse como grupo. -Iniciacións sociais.	- <u>Abrazos musicales:</u> Os nenos/as dan voltas pola habitación ao ritmo da música, cuando pare a música todos abrazaranse cun compañeiro. Logo empieza outra vez a música. Abrazaranse cada vez a unha persoa diferente.	Radiocasete ou calquera instrumento musical.

-Desenrolar habilidades sociais e interpersonais.	-Mellorar capacidades de comunicación interpersoal. -Desenrolar habilidades para expresar os sentimentos, desexos, demandas propias e entender as dos demais	-Cooperación. -Unirse como grupo.	- <u>Aprender a traballar en pequeno grupo.</u> Divídese a clase en grupos de 4 a 6 membros e presentanse as instrucións. Dáselle un tempo e teñen que sen capaces de ter o traballo resolto. Ao remate, pídeselle a cada grupo que explique o procedemento empregado para resolvelo e vaise anotando na pizarra.	Un exemplar para cada un do problema a resolver
-Desenrolar habilidades sociais e interpersonais.	-Mellorar capacidades de comunicación interpersoal.	-Cooperación. -Unirse como grupo.	- <u>Conto dunha palabra:</u> En círculo. Cada persoa dirá unha palabra para desenrolar un conto.	-----
-Desenrolar habilidades sociais e interpersonais.	-Mellorar capacidades de comunicación interpersoal. -Favorecer o inicio de novas relacións sociais.	-Cooperación. -Unirse como grupo. -Iniciacións sociais. -Pedir axuda.	- <u>Maraña humana.</u> Dúas persoas salen da habitación. Os demais forman un círculo collidos das mans e se enrollan, pasando por riba, debaixo e no medio uns de outros. Os dous que están fora entran e intentan desenredalos.	-----

<p>-Reducir a violencia.</p>	<p>-Desenrolar procedementos pacíficos de resolución de conflitos.</p>	<p>-Identificación do problema. -Búsqueda de solución. -Elixir unha solución máis axeitada. -Probar a solución.</p>	<p><u>-Taller de contacontos:</u> <u>Conto: O can Bonachón.</u> Érase unha vez un can precioso de cor canela, chamábase Bonachón, e tiña as orellas moi longas. Cando andaba, as arrastraba polo chan; si bebía auga metía antes as orellas que a lingua e ao correr parecía que dúas alas saían da súa cabeza para voar. Bonachón, era o can máis xoguetón do lugar, encantáballo Xogar cos demais animais. Pero ocurrialle algo terrible: cuando comenzaba a xogar sacaba as súas garras e rabuñaba e fería, incluso trababa de verdade. A verdade é que él non sabía que facía dano, pero os demais animais enfadábanse e o deixaban só. Identificar entre todos o problema: ¿qué lle pasará ao can?. Continua a historia dando unha solución. A solución funcionará?... Pódense usar contos diferentes. Con temática alusiva ao contido a traballar.</p>	<p>O conto. Unhas ilustracións</p>
<p>-Reducir a violencia.</p>	<p>-Desenrolar procedementos pacíficos de resolución de conflitos</p>	<p>-Identificación do problema. -Elixir unha solución máis axeitada. -Pedir axuda.</p>	<p><u>-Caixa de queixas e suxestións:</u> Nas clases haberá unha caixa onde os alumnos poderán escribir e meter nela queixas, pequenos problemas orixinados nos recreos, desencontros con algún compañeiro... Ao remate da semana abrirase esa caixa e a titora os lerá e dará solución a eses problemas.</p>	<p>Unha caixa</p>
<p>-Desenrolar habilidades sociais e interpersonais.</p>	<p>-Crear un clima de confianza. -Mellorar capacidades de comunicación interpersoal.</p>	<p>-Iniciacións sociais.</p>	<p><u>-Video forum:</u> Ver películas relacionadas con algún tema a tratar e despois facer algún debate.</p>	<p>Películas</p>

